

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Na Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, o artigo 11 establece que o Parlamento estará constituído por:

- A) Deputados.
- B) Senadores.
- C) Conselleiros.
- D) Presidentes das deputacións provinciais.

2. A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, no artigo 51, define un servizo de atención e información integral sobre os recursos públicos e privados, ao alcance das mulleres en situacións de violencia de xénero. Este servizo funcionará:

- A) Todos os días laborais do ano.
- B) Todos os días do ano, excepto os domingos.
- C) Todos os días do ano de 08:00 a 22:00 horas.
- D) Todos os días do ano, as 24 horas do día.

3. O artigo 63 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, establece que, por necesidades do servizo, e cando unha praza se atope vacante ou temporalmente desatendida, poderá ser cuberta, con carácter temporal por:

- A) Comisión de servizos.
- B) Oposición.
- C) Concurso-Oposición.
- D) Concurso de traslados.

4. A Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do Persoal Estatutario dos Servizos Sanitarios, establece que o persoal cando desempeñe funcións de xestión clínica, calquera que sexa o servizo de saúde, institución ou centro no que se atope destinado, así como cando desempeñe un posto de traballo das relacións de postos das Administración Públicas aberto ao persoal estatutario, estará en situación de:

- A) Servizo Activo.
- B) Servizos especiais.
- C) Excedencia por prestación de servizos no sector público.
- D) Servizos baixo outro réxime xurídico.

5. Indica cal das seguintes afirmacións é correcta: o artigo 10 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, sobre convocatoria e desenvolvemento das probas selectivas, indica que o proceso selectivo iniciárase mediante convocatoria publicada:

- A) No Boletín Oficial do Estado.
- B) No Diario Oficial de Galicia.
- C) Na páxina web da Xunta de Galicia.
- D) Na páxina web do Servizo Galego de Saúde.

6. Indica a opción CORRECTA: a Lei 31/1995, do 8 de novembro de prevención de riscos laborais, define como equipo de traballo:

- A) Aos profesionais da mesma categoría ou especialidade.
- B) Aos profesionais do mesmo hospital ou centro de saúde.
- C) Calquera máquina, aparello, instrumento ou instalación utilizada no traballo.
- D) Aos sistemas de información utilizados nos días laborables.

7. Na Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade, o artigo 16, establece que os usuarios, sen dereito á asistencia dos Servizos de Saúde, poderán acceder aos servizos sanitarios:

- A) Nunca.
- B) Só á atención primaria.
- C) Só á atención hospitalaria.
- D) Si, coa consideración de pacientes privados.

8. Segundo o Real Decreto 901/2020, de 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade, o artigo 9.1 establece que o período de vixencia ou duración dos plans de igualdade, que será determinado, no seu caso, polas partes negociadoras, non poderá ser superior a:

- A) 1 ano.
- B) 2 anos.
- C) 4 anos.
- D) 5 anos.

9. A Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do Persoal Estatutario dos Servizos de Saúde, establece o complemento de destino como unha retribución:

- A) Básica.
- B) Complementaria.
- C) De atención continuada.
- D) Persoal.

10. Na Constitución de 1978, no título I no seu capítulo III: "Dos dereitos e deberes fundamentais", establécense os principios reitores da política social e económica. Indica cal dos seguintes enunciados é un destes principios:

- A) O gasto público realizará unha asignación equitativa dos recursos públicos, e a súa programación e execución responderán aos criterios de eficiencia e economía.
- B) Recoñécese o dereito á propiedade privada e á herdanza.
- C) Compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública, a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.
- D) Recoñécese a liberdade de empresa no marco da economía de mercado.

1. Indica a resposta correcta: segundo o artigo 46 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, o conxunto ordenado de medidas avaliadas dirixidas a remover os obstáculos que impiden ou dificultan a igualdade efectiva de mulleres e homes, deberán estar recollidos:

- A) No Documento de seguridade.
- B) Nas Guías de acollida.
- C) Nos Plans de igualdade.
- D) No Documento de avaliación de riscos do posto de traballo.

2. O artigo 36 da Constitución Española indica que a lei regulará as peculiaridades propias do réxime xurídico dos Colexios Profesionais e o exercicio das profesións tituladas. A estrutura interna e o funcionamento dos Colexios deberán ser:

- A) Sociedades privadas colectivas.
- B) Democráticos.
- C) Paritarias.
- D) Sociedades públicas ilimitadas.